

No novo conto de María Reimóndez, neta e avó comparten un mundo redondo coma un queixo

Escrito por **MARÍA REIMÓNDEZ** e ilustrado por **VANESA ÁLVAREZ**, *O meu avó e o queixo* é o título dun dos novos contos Verdemar de Alvarellos Editora da primavera/verán de 2020. Unha orixinal historia entre un avó a súa neta tecida arredor do afecto, do humor e da gastronomía. E cunhas orixinais ilustracións inspiradas nos graffitis urbanos.

TEXTO CONTRACAPA

Para o meu avó, o mundo debe de ser coma un queixo.

ARGUMENTO

Avó e neta comparten o amor polo queixo. Entre eles establécese un divertido diálogo a través do que iremos descubrindo deliciosos queixos de Galicia e do mundo coma o Manchego, o Cebreiro, o de Arzúa ou o Gruyère. Os intres compartidos entre neta e avó convértese en grandes fiestras abertas a un mundo... que é redondo coma un queixo!

CLAVES PARA A LECTURA

María Reimóndez: *O meu avó José —ou Pepe— Meilán, que as dúas cousas lle chamaban, deixounos cando eu tiña trece anos, mais o seu paso pola miña vida, coma o de todas as boas persoas, perdura ata hoxe no tempo. Del fican un certo sentido do humor, o que lle gustaba cantar habaneras, o seu traballo no taller con camións e coches de todos os tipos e, sobre todo, o amor que compartimos polo queixo. Un punto de encontro para mediar calquera distancia, para usar os sentidos cando non hai posibilidade doutros entendementos.*

Escribín este libro para lembrar como as persoas perduran en nós, mesmo cando pensamos que as perdemos. E, tamén, como non, para renderlle unha boa homenaxe a esa marabilla diversa do coñecemento humano que son os múltiples queixos.

Vanesa Álvarez: *Esta historia é un regreso á infancia. Quixen expresalo mesturando personaxes reais [as propias avoas e avós da autora, da ilustradora e do editor] cunha estética de arte urbana e retratos que parecen “stencils” ou estarcidos —un tipo de graffitis— que eu traballo moito, a base de estampados e cores actuais.*



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

MARÍA REIMÓNDEZ (Lugo, 1975) é escritora de narrativa, poesía, ensaio e teatro, cunha dilatada e recoñecida traxectoria literaria tamén no eido infantil e xuvenil: «Dende que era pequena gustábanme as historias, lelas e escribilas. Algunhas imaxineinas na furgoneta ou nos coches do meu avó, entre os sons da soldadura e os enormes camións enfermos. Na vida, tiveron a sorte de caer nunha casa chea de afecto. Se cadra escribir é para min un xeito de compartir a alegría dese accidente, e a esperanza de que todas as nenas e nenos atopen no camiño persoas que os acollan, a quen chamar avós ou avoas, independentemente dos apelidos, dos lazos de sangue e dos documentos».

VANESA ÁLVAREZ (Vigo, 1983) é unha artista gráfica que vive e traballa en Nova York, onde desenvolve proxectos como muralista, centrados na visibilización da muller a través da arte urbana. É titulada en artes plásticas e deseño. Participou en festivais artísticos e literarios en Vigo (Kerouac, Vigo Cidade de Cor), Madrid (Pintamalasaña) ou Nova York (Casa Galicia, Instituto Cervantes), entre outros. Actualmente (2020) imparte clases de muralismo e xustiza social no barrio do Bronx e realiza a residencia artística *Project Art USA*.



FICHA TÉCNICA 32 pp. 21,5 x 21,5 cms

ISBN: 978-84-16460-81-6 PVP: 14 €

Capa dura. Cosido a fío. Impresión offset.



9 788416 460816

EDITORIA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info

981522137 - 609908852